



PROCEDIMENTO A SEGUIR EN CASO DE FOLGA DE ESTUDANTES

Consideracións legais.

- O artigo 8 da Lei 8/1995, reguladora do dereito á educación establece que se garante o dereito de reunión dos distintos membros da comunidade educativa. Co fin de facilitar ese dereito e estimular o exercicio efectivo da participación do alumnado nos centros educativos, estes elaborarán as súas normas de organización e funcionamento e establecerán as condicións nas que o alumnado pode exercer o dito dereito.
- Ademáis, as **decisións colectivas** que adopte o alumnado, a partir do **terceiro curso da ESO**, con respecto á asistencia a clase non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando estas sexan resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección.
- O Tribunal Supremo, na sentenza do recurso de casación 8/2013, estableceu que non é necesaria a autorización previa dos proxenitores para que o alumnado, a partir de 3º de ESO, decida colectivamente secundar unha folga. En relación a este punto, o centro poderá solicitar aos responsables unha xustificación previa pola ausencia do seus/súas fillos/fillas. Este documento nunca terá carácter de autorización ou comunicación previa xa que o seu fin é, exclusivamente, evitar que a falta sen compute como "sen xustificar".
- **O alumnado de 1º e 2º de ESO non ten recoñecido o dereito á folga**, aínda que o xustifiquen os seus pais/nais/titores-as legais.
- O alumnado que non secunde a folga asistirá ás clases con normalidade.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES DE CARRAL

Costa do Pincho, s/n. 15175-Carral

Teléf.:881960480

E-mail: ies.carral@edu.xunta.es

Web: www.edu.xunta.gal/centros/iescarral

Atendendo a todo o anterior, o procedemento a seguir en caso de convocatoria de folga é o seguinte:

- Cando se reciba información de organizacións sindicais e estudiantís relativa a unha convocatoria de folga, o centro trasladará esta información aos delegados de clase, que poderán reunirse para dar a coñecer a dita información.
- Os delegados de clase informarán aos seus grupos e entregarán na Xefatura de estudos a listaxe de participantes na folga.
- A Dirección do centro enviará, a través do alumnado, un escrito ás familias co obxecto de informalas sobre a posible participación na folga dos/as alumnos/as. Este escrito só terá carácter xustificativo, co fin de organizar as actividades do centro e evitar que se rexistre algunha falta de asistencia a clase sen xustificar cando non sexa o caso.